

# CINEMA CRIANZA

O venres fomos a o cine e vimos 5 películas:

**O RETRATO DE ELIKA**. Trataba sobre unha rapaza pequena que expoñía na súa clase o país da súa nai, Irán

**INSPIRACIÓN**. Un neno que lle gustaba moito o parkour pero tiña unha dificultade porque non tiña 4 dedos dunha man pero mostroulles as persoas que todo e posible se te o propoñes

**A VOZ DE NARGES**. Unha nena de Irán quería cantar na mesquita mais só podían os homes, a ela non lle importou e fixo o que pudo para parecerse a un neno e ao final cantou.

**O PRINCIPIÑO**. Cando somos pequenos a os nenos solen regalarlles coches e as nenas bonecas, pero en Suecia mostráronos que no só as boneca son para nenas ou os coches para nenos

**FHEDI**. A dicir verdade esta foi a miña curtametraxe favorita , trata sobre un neno que na escola fanlle acoso escolar mais el non llo di a ninguén ,pasa o tempo e empezaron a sair os moratóns , golpes , material roto..... E el seguía sen dicir nada .

*Gabriela López*

---

## **A VOZ DE NARGES**

A curtometraje que máis me gustou foi '**A voz de Narges**'. Trataba sobre a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres; pois apreciábase como sufría unha nena por non poder facer o mesmo que os nenos.

Gustoume porque nesta curtometraje vense todos os esforzos e sacrificios que teñen que facer as mulleres ou nenas para poder facer o mesmo que os homes nun país como Irán.

Ademais, nese lugar, as nenas, cando pasan a maioría de idade ( dez anos ) teñen que ir totalmente cubertas, non poden xogar con nenos, nin cortar o pelo e ningún home que non fose da súa familia pode escoitar a súa voz.

Esta historia fai reflexionar sobre a discriminación que aínda sofren as mulleres nalgúns países.

*Mariña Formoso Pérez*

---

A curtametraxe que máis me gustou foi '**A voz de Narges**', o seu tema era a igualdade de xénero.

Ela era unha nena que quería cantar na mesquita, e como so podían cantar os nenos, rapouse o pelo e vestiuse con camiseta e pantalón, todo iso coa axuda do seu amigo . Pero non funcionou porque descubrírona e encerrárona nunha habitación unha noite enteira. Seu avó era cantante, e como ía moi vello, levou a Narges para que cantara na mesquita e cando comezou, el morreu.

*María Freire*

---

A miña curtametraxe favorita foi: "**a voz de Narges**" trata de que no Islam está prohibido que os homes escoiten a voz das mulleres, entón Narges ( que é a protagonista) quería cantar na celebración de fin de ano, e non pode facelo. Pero o seu avó confía nela e van a mesquita a cantar unha canción porque o avó quería que algún neto que cantara, e tocoulle unha neta pero el quería que cantara igual.

O avó por desgracia morreu cando Narges estaba cantando, porque xa estaba moi enfermo.

A min gustoume moito porque me pareceu moi distinta as demais e era moi bonito o que fixo o avó por Narges.

*Celia Fuentes*

---

## INSPIRACION

Aínda que teñas problemas para facer o que máis che gusta con esforzo e dedicación todo é posible.

A curtametraxe gustoume porque o protagonista tiña dificultades para facer algunhas cousas xa que so tiña dous dedos na man esquerda, pero aínda así practicaba ``parkour`` e era mellor cos seus compañeiros, e así converteuse profesional.

**Gonzalo Castro**

---

A miña curtametraxe favorita foi : **“Inspiración”**.

Porque trata dun neno que ten os dedos da man esquerda deformes. A pesar diso non ten dificultade para realizar actividades como por exemplo o parkour, (significa saltar dun lado a outro, facer piruetas...). El quería ser como o seu pai que era parkourista. O rapaz adestrou nun ximnasio con obstáculos para saltar, gatear etc. Co esforzo conseguiu o seu obxectivo: ser un gran parkourista.

Gustoume porque demostra que se algo se fai con ganas o conseguirás.

### ***Xabi G. Antelo***

---

A curtametraxe que máis me gustou foi a titulada **“Inspiración”**. O argumento desta curtametraxe é a igualdade.

A curtametraxe de **“Inspiración”** gustoume moito porque un neno, chamado Gabriel, con dificultades nunha das súas mans, é animado polo seu pai a cumprir o seu soño, ser profesional de parkour coma el. A súa familia e moi pobre e viven todos nunha pequena casa e o pai gañase a vida dando clases de parkour nun ximnasio.

A o final o neno, con moito esforzo e dedicación, conségueo.

### ***Raquel Barreiro Caruncho***

---

É unha historia na que un neno chamado Gabriel que vive na pobreza coa súa familia ten os dedos moi curtos por un problema e que de maior quere ser como o seu pai que fai acrobacias. Esta película trata o dereito da igualdade e dicir de que nos podemos facer todo o que fan os demais e da igual os problemas físicos ou mentais que teñamos e deberíamos facer como o neno que lle dan igual porque nunca se rende. Gustoume porque é dun país moi parecido ao meu, esta moi cerca, e tamén por que me gusta o parkour, é unha arte de escape moi chulo e antes era unha arte que utilizabamos para moverse fluidamente

### ***Sebastián Portillo Duarte.***

---

## **FHEDI**

Fhedi é un neno de Exipto que vai cada día á escola. Alí vive situacións moi incómodas, inxustas e desagradables que lle fan os seus compañeiros como pegarlle, empuxalo, tirarlle a comida... Ir á escola é un sacrificio para el debido a que o leva en silencio, pois tanto a súa familia como os mestres o saben.

Un día, o mestre manda realizar o traballo : “O heroe que levas dentro”. Fhedi pensa como asustar os compañeiros que lle están facendo pasalo mal e ten unha idea; deseñar algo para atemorizar e que sintan o que lle pasa el. Pensa en facerlle unha trampa invitalos a unha festa falsa e darlles unha unha lección. Para elo prepara as tarxetas de invitación á festa ,que era nun recinto delimitado por caixas de pedras. Cando chegan os compañeiros, Fhedi está preparado, escondido nun lugar onde non se lle ve, esperando a que entren todos. Cando entran, Fhedi pecha a porta, sube polas escaleiras e aparece no alto. Os seus compañeiros comezan de novo insúltalo e Fhedi aperta a corda para que as caixas cheas de pedras avancen e meterlles medo. Eles atemorizados intentan saír pero a porta está cerrada, e Fhedi finalmente ábreulles a porta para que saísen. Pois el o único que quería era que sentisen o medo que el sinte diariamente na escola.

Un dos seus compañeiros dáse conta do que lle están a facer diariamente a Fhedi e decide quedar con el... colle unha pedra que pon “parvo” e nese momento ve que cada pedra ten os insultos que lle dixeran.

A curtametraxe Fhedi gustoume porque fainos pensar o importante de ser bos compañeiros e non facerlle dano a ninguén. Insultar ou pegar a alguén non soluciona nada e fainos peores persoas. Por outro lado, podemos ter compañeiros que están pasando por estas situacións e non o sabemos ou prestamos a atención necesaria. Un bo compañeiro ou amigo non insulta nin pega e tamén escoita cando o outro o precisa. Esta curtametraxe fainos pensar en ser mellores persoas.

***Iago Álvarez Gómez***

---

A min gustoume **Fhedi** porque a el sempre llé fan bulling na escola. Ata que un día preparou un plan para que deixaran de facerlle bulling. O plan era mandar invitacións dunha festa que hai na casa pequena a todos os acosadores e encerralos na casa que non ten teito e poñer pedras por encima para tirallas. Só que cando xa os tiña encerrados pensouno e dixo que el non quería ser coma eles e entón non lles tirou as pedras. Despois fíxose amigo dun dos sete acosadores que lle axudara co plan.

***Miguel Labandeira Ameijeiras***

---

A curtametraxe que máis me gustou foi **Fhedi** (unha película que ven de Exipto) porque é o exemplo máis común que ocorre no noso país. Con esta curtametraxe aprendín o que algúns nenos están sufrindo e gustaríame cambialo pronto ou tarde. Tamén aprendín a valorar o que teño e non queixarme. O máis triste desta historia é que o protagonista non llo dí a ninguén polo medo a que continúen os agresores.

O corto trata dun neno de oito anos que é acosado por un grupo de 7 nenos da súa aula e decide crear unha trampa, na que os agresores pican e Fhedi ten que decidir se tirarlles as pedras ou non. Mentres están alí suplicando que non lles tiren e lle fan caso. Ao final os agresores ameazárono, excepto un do que se fai amigo.

### **Marcos Díaz**

---

Gustáronme moito todas as curtametraxes pero foi unha a que mais destacou pra min e como solo podo escoller unha e a de **FHEDI**.

Esta curtametraxe tratase de un neno chamado FHEDI que ten oito anos que reside en Exipto con a súa nai, un día van pra escola e a nai esquece o seu ordenador na casa entón vai só a o colexio a o entrar 7 nenos métense con el péganlle, róubanlle e rompen o seu material escolar.

Sucedelle todos os días e a súa nai non o sabe, para que non se de conta maquillase os golpes, un día levántase con a esperanza de que todo cambie. Os mete nunha especie de trampa que ten pedras enriba, ameazoulles con tirarlles as pedras, o neno era tan bo que non fixo o que tiña planeado, mais tarde os nenos que estaban encerrados saíron e un de eles púxose da parte de o neno.

Gustoume moito, fala de un tema moi triste e que ninguén debería sufrir o que lle pasou a este actor. O explicou dunha maneira moi bonita, gustounos tanto a todos que choramos da tristeza, grazas CINEMA CRIANZA

### **Carlos Sanmartín Villanueva**

---

**Fhedi** é unha curtametraxe que vimos na casa da cultura .

O neno vive en Exipto ,os seus compañeiros todos os días péganlle, rompenlle as cousas, tiranlle a merenda, descosenlle a camisa...

O rapaz non llo contaba a ninguén por que tiña medo. El cosía a camisa, pintábase... para que ninguén o soubese. Un día os rapaces empezaron a tirarlle as cousas da mochila a darlle patadas e tiráronlla pola fiestra. El estaba canso de que lle fixeran todo iso, así que fixo unha festa secreta invitando aos que lle pegaban. Os malos foron a festa pero encerrounos nun cuartucho, eles tiñan medo porque lles ía tirar pedras pero el como era bo non lles tirou. Un dos malos púxose de parte del.

### **Sheyla García Santos**

---

A miña curtametraxe favorita foi a de **Fhedi**. Que aos matóns hai que plantarlles cara, e que se alguén che fai acoso tes que contarllo aos profesores mais aos pais. A mín gustoume esta curtametraxe porque explica moi ben que é o acoso. Aprendín outra razón pola que che poden facer acoso que é estar só. É millor contarlle aos pais o que pasa porque así o acoso acabárase.

**Sara Iglesias**

---

A curtometraje que máis me gustou foi a de **Fhedi** porque ao neno facíanlle bullying e o neno chegou un día que invitoulles a unha festa secreta no recreo para facer unha vinganza xa que colleu moitas caixas con pedras e ameazou con tiralas, ao final non llas tirou e un agresor fíxose amigo del, o principal argumento deste curtometraje foi o acoso escolar.

**David Queiruga**

---

Un neno de oito anos vai á escola e é acosado por sete a. El non lle di nada á nai, pero sofre moito. Péganlle, tíranlle do pelo, tíranlle a merenda... Os agresores sempre eran eran os mesmos e moitos estudantes ríanse del. Un día, enterouse de que os agresores ían facer unha festa secreta. O neno puxo moitas rochas no tellado e os agresores pedíanlle por favor que non tirara as rochas. Ao final, o neno non tirou delas e ao saír empezáronlle a chamar de todo... Parvo! Covarde! . Ata que un neno fóise con el e foron mellores amigos, e desa maneira os acosadores pararon de maltratalo. Gustoume porque fala do acoso escolar que é un tema moi delicado e ademais gustoume moito o comportamento do neno acosado. Tamén me gustou moito a “Voz De Narges”.

**Lucas Pena Carracedo**

---



Esta curtametraxe trata dun neno e unha nena que eran irmáns. Eles compartían a habitación. Un lado era do neno e o outro da nena. A nena ao chagar do colexio sempre se disfrazaba de princesa e xogaba mirándose ao espello. O neno mirábaa triste porque el quería ser como ela. Un día, cando ela non estaba, púxose o disfraz de princesa e quedouse durmido.

Cando a nena entrou na habitación o encontrou co seu disfraz. O primeiro que fixo foi chamar a súa nai. Ao velo, quitoulle o disfraz e o neno quedou moi triste. Máis tarde, os dous irmáns, xogaron a beber o té, pero o neno estaba un pouco triste. A súa nai entrou na habitación e levaba escondido un agasallo para o neno! Cando o abriu, viu que era un vestido igual co da súa irmá . El alegrouse moito. Cambiaron a habitación e puxérona toda de nenas. Ao chegar a casa eles sempre xogaba ás princesas. Gustóume porque é unha curtametraxe moi divertida e diferente. Tamén gustóume moito o decorado da habitación.

### **Ana Sorribas Alborés**

---

Vai dun neno que tiña unha irmá, a nena gustáballe moita levar posto un vestido, montar o seu propio castelo e facerse pasar por unha princesa. A o neno gustáballe como a súa irmá xogaba a ser princesa . Cando a nena marchou o neno colleu o seu vestido e púxoo. Cando o neno mirouse no espello apareceu a irmá e empezou a pegarlle para que o neno lle devolverse o vestido. A nena montara o castelo, pero marchara o neno meteuse dentro e cando a súa irmá volveu colleuno das pernas e o votou fora...

Un día a nai apareceu con dous regalos a nena regaloulle unha coroa e a o neno un vestido de princesa. A partir daquel día a nena e o neno xogaban xuntos sempre.

A min gustóume porque o neno e a nena pelexando parecían eu e o meu irmán.

E tamén porque me pareceu moi ben cun neno poida ser unha princesa igual cunha nena poida ser un príncipe.

### **Laura Marentes**

---

A curtametraxe que mais me gustou foi a do **Principiño**.

Narra a historia de dous irmáns, un neno e unha nena, tiñan unha habitación dividida en dúas cores, o azul para el e o rosa para ela . A nena encantáballe disfrazarse de princesa e xogar con monecas , a el gustáballe tamén as cousas que tiña a irmán. Así que un día colleu o vestido da irmán e o puxo, cando entrou a irmán pola porta e pelexáronse e quitoulle o vestido. Un día estaban xogando e a nai deles tróuxolle uns regalos. Para a irma unha coroa e para un vestido. Pasado uns días a habitación cambara de cores e os nenos xogaron as princesas sempre.

Gustóume porque non hai cores nin disfraces e roupa , para nenos e nena

### **Paula Sandá Freire**

---

O **Principiño** trata de un neno que tamén quería ser guapo como a súa irmán...

O caso é que neno quería ser igual de guapo como a súa irmá, pero o que quería ensinarnos o corto era que no importaba o xénero dun, os mesmos xoguetes duna nena poderían servirille a un neno e tamén ao revés. Hai nenas que les gustarían practicar o fútbol, o béisbol (entre outros, etc...)

Aparte disto nos quere ensinar que todos somos iguais, que todos temos os mesmos dereitos, hoxe en día seguimos loitando por esta igualdade.

***Joan Fonseca***

---